



MASTERCLASS A CONXUNCIÓN NO DUO DE GUITARRA E PIANO DE JAZZ

**RALE MICIC (GUITARRA)
ABE RÁBADE (PIANO)**

25 DE FEBREIRO 2023

- **DE 16:30 A 19:00 NA AULA DE CÁMARA**

CONTIDO

Conxunción é o feito de xuntar ou xuntarse, ou de coincidiren varias cousas nun mesmo punto, ao mesmo tempo, e para un mesmo fin. Partindo desta premisa para expoñer o seu enfoque persoal na conxunción do duo de guitarra e piano de jazz, ambos músicos transmitirán a súa experiencia e traxectoria profesional aplicada a este formato específico; abordando dende o tratamento do equilibrio dinámico até o desenvolvemento dos planos harmónicos máis complexos.

MATRÍCULA

- Alumnado do CSM da Coruña: 20€
- Alumnado externo: 25€

Prazas limitadas a 30 alumnos. Asinaranse por orde de inscrición.

INSCRICIÓN

Por correo electrónico a: guitarrajazz@csmcورونا.com



CSM
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA



RALE MICIC

O guitarrista serbio Rale Micic trasladouse a Estados Unidos no 1995, licenciándose en Jazz Composition no Berklee College of Music de Boston, onde estudou con George Garzone, Hal Crook, Bob Brookmeyer e Mick Goodrick, o cal se convertería no seu mentor.

Asiduo da escena musical de Nova Iorque, e con tres álbums publicados en CTA Records, Rale Micic crea un culto entre os afeccionados á música con súa mezcla de jazz e melodías evocadoras dos Balcáns. No seu segundo traballo, titulado Serbia, Micic consolídase como unha das voces máis inventivas do panorama musical actual, coa colaboración do famoso trompetista Tom Harrell.

Rale Micic aparece en numerosas publicacións, como Downbeat, JazzTimes, LA Times, San Diego Tribune, Boston Globe, etc. Actuou en destacados clubs de jazz e festivais de música de Estados Unidos e de Europa, como Village Vanguard, Catalina Jazz Club, Blues Alley, Scullers Jazz Club, Dizzy's, Smalls, San Jose Jazz Festival, Hartford International Jazz Festival, etc.

Micic traballou con artistas de jazz como Tom Harrell, John Abercrombie, Don Friedman, Eric Alexander, Peter Bernstein, Jack Wilkins, Jason e Delfayo Marsalis, Lage Lund, Gene Bertoncini, Ed Cherry ou Mike Moreno. Rale Micic é membro do Tom Harrell Chamber Ensemble e aparece no aclamado lanzamento First Impression (2015 High Note).

ABE RÁBADE

Abe Rabade, Licenciado Cum Laude en Jazz Composition e Piano Performance no Berklee College of Music de Boston, conta con máis de vinte discos publicados. Entre outros, foi galardoado có Premio Tete Montoliu ó pianista revelación (2001), o Premio da Música Galega (2007), o Premio Aula X (2007) ou o Premio Martín Codax (2013).

Ofrece concertos no eido estatal e internacional, nos principais festivais do estado español, así como en Francia, Alemania, Suíza, Porto, Portugal, Marrocos, Estados Unidos, Gran Bretaña, Cuba, Finlandia, Brasil, entre outros.

Colabora en directos e grabacións con Miguel Zenón, Bob Mintzer, Jeff Harrington, Perico Sambeat, John O'Gallagher, Jorge Pardo, Adam Niewood, Chris Kase, Avishai Cohen, Raynald Colom, Alan Ferber, Kurt Rosenwinkel, Nuno Ferreira, Mark White, Antonio Serrano, Deborah Carter, Carlos Barretto, Zé Eduardo, Horacio Fumero, Bill Goodwin, Jeff Williams ou Skip Hadden.

Na súa labor coma docente é codirector artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, profesor na ESMAE de Porto (Portugal) e no Centro Superior de Música de Galiza, ademais de realizar numerosas masterclasses por España, Portugal e países do continente americano (México, EEUU) ou asiático (China).



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA